

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, CON REFERENCIA 2019/CP/131, PARA UN COLABORADOR/A PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 18 DE XULLO DE 2019

De acordo coa acta do Órgano de Selección da convocatoria de contratación con referencia 2019/CP/131, para un colaborador/a para desenvolver tarefas de administración e xestión do Campus Industrial de Ferrol, publícase esta resolución:

O 18 de xullo do 2019, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a administrativo/a a tempo completo (Ref. 2019/CP/131), destinado/a á colaboración para desenvolver as tarefas do convenio do Campus Industrial que inclúe á administración, xestión, coordinación e xustificación das actividades do convenio, organización de eventos e apoio á xestión de grupos.

1. O Órgano de Selección constituíuse na Sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 9 de agosto de 2019
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, presidenta
 - María Jesús Caínzos López, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, vogal
 - Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña, secretario
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes que se presentaron, o Órgano de Selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, da solicitante que acadou unha maior puntuación:
DOPICO GARCÍA, MÓNICA, DNI *6896****
4. O Órgano de Selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamacións ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social no prazo de tres días que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 13 de agosto de 2019

O secretario do Órgano de Selección

Ginés Nicolás Costa

V.º e pr.

A presidenta do Órgano de Selección

Araceli Torres Miño